



SESION EXTRAORDINARIA URXENTE DE 02 DE MARZO DE 2020

(Acta número 03)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D. Roberto Fernández Rico
D. Xosé M^a. Arias Fernández
D. José Luis Raposo Magdalena
D^a. M^a. Elena Candia López
D. Efrén Castro Caloto
D. Javier Jorge Castiñeira
D. Agustín Baamonde Díaz
D. José Antonio García López
D. Roberto García Pernas
D^a. Dolores Castro Ochoa
D. Pablo Taboada Camoira
D. José Jesús Novo Martínez
D^a. María Loureiro García
D. Oscar Poy Franco
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Ángel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a. Ana M^a. González Abelleira

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as trece horas e trinta minutos do día **dous de marzo de dous mil vinte**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnen os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria urxente convocada para o efecto.

Actúa de Secretaria a titular da Corporación D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste a señora Deputada dona Mónica Freire Rancaño.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

Antes de dar comezo a sesión plenaria, intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Convocamos esta sesión extraordinaria urxente polos motivos que logo lerei, pero antes de nada quero dicir que se vén de producir a ratificación do escrito que foi presentado no Rexistro o pasado día 29, polo tanto está todo en orde segundo manifesta a Sra. Secretaria Xeral”.

1.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO CARÁCTER URXENTE DA PRESENTE CONVOCATORIA.

Intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“A xustificación desta convocatoria urxente deste Pleno de 2 de marzo é a seguinte:

Logo de ver o escrito de renuncia ao cargo de Deputada Provincial de dona María Elena Candia López, presentado con data vinte e nove de febreiro de dous mil vinte. No que manifesta que a súa renuncia realizase con motivo de concorrer como candidata do Partido Popular de Lugo ás eleccións do Parlamento de Galicia o día 5 de abril de 2020.

Tendo en conta que o prazo de presentación das candidaturas para as citadas eleccións ao Parlamento de Galicia remata o día dous de marzo de dous mil vinte.

Por todo elo a convocatoria urxente do pleno desta Corporación para o día dous de marzo de dous mil vinte xustifícase no artigo 23 da Constitución Española de 1978, relativo ó dereito dos cidadáns a participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes, libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal; así coma no art. 4 2.c) da Lei 8/1985, de 13 de agosto de eleccións ao Parlamento de Galicia”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda ratificar a convocatoria urxente do presente Pleno extraordinario.



2.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA AO CARGO DE DEPUTADA PROVINCIAL DE DONA MARIA ELENA CANDIA LOPEZ.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Tras ver o escrito presentado en data vinte e nove de febreiro de dous mil vinte, pola señora Deputada Provincial desta Corporación, dona María Elena Candia López, membro do Grupo Provincial do Partido Popular, polo que manifesta a súa renuncia ó cargo de Deputada Provincial.

Resultando que de conformidade co artigo 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/86, do 28 de novembro) en relación co art. 208 da Lei Electoral Xeral, a renuncia é causa de perda da condición de Deputada Provincial.

Considerando que a declaración de vacante é competencia do Pleno; e de conformidade coa Instrución da Xunta Electoral Central do 10 de xullo de 2003, deberá indicarse o nome da persoa que, a xuízo desta Corporación, corresponde cubrir a vacante. Debendo comunicarse tal evento á Xunta Electoral de Zona, para os efectos de proceder a cubrir a vacante na forma prevista no art. 208.1 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral.

Vistos os artigos citados, e informe xurídico que obra no expediente, proponse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Tomar coñecemento e aceptar a renuncia ao cargo de Deputada Provincial presentada por dona María Elena Candia López.

2º.- Declarar a vacante producida pola renuncia ao cargo do Deputada Provincial de dona María Elena Candia López; correspondendo cubrir a vacante, a xuízo desta Corporación, a don José Manuel Gómez Puente, por ser o primeiro suplente que figura na Acta da Xunta Electoral de Zona de Mondoñedo de data catro de xullo de dous mil dezanove; e comunicalo á Xunta Electoral de Zona para a súa provisión legal".

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. Elena Canida López, membro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“O máis brevemente posible, aínda que recoñezo que será das intervencións máis complicadas para min, e ademáis agradable de escoitar para vostedes.

Como xa se fixo público nos días anteriores incorre en min unha condición de inellexibilidade toda vez que aceptei a proposta de encabezar a lista ó Parlamento de Galicia polo Partido que represento.

Sen abandonar e tendo moi claro de onde veño, e tamén cales son os meus compromisos tanto coa miña cidade coma coa miña provincia, asumo esta responsabilidade porque creo firmemente nun proxecto e confío nun líder.

Son Deputada nesta Institución dende o ano 2011, a miña vehemencia e carácter, que se manifestaron nalgúns ocasións nos debates nos que podía discrepar co resto de forzas da Corporación, tamén teño que recoñecer que se traduce coa mesma intensidade nun momento de especial sensibilidade e sentimento especialmente de agradecemento a tódalas persoas que me acompañaron durante este tempo.

En primeiro lugar, e non pode ser doutro xeito, a tódolos funcionarios desta Casa, un grupo contitativamente moi importante pero cualitativamente tamén excepcional. Permítanme que, por proximidade e non por outras cousas, cite a atención que comigo sempre tiveron o departamento de Actas, o departamento de Contratación, os representantes dos traballadores, que tamén se moveron en momentos de especial sensibilidade, refírome ós sindicatos; e tamén dun xeito moi especial ós gardas de seguridade desta Casa que, co meu desorde habitual, sempre viña sen chave, e a calquera hora e en calquera momento tiveron unha atención exemplar, e ó mellor pode parecer o persoal menos importante da Casa pero a calidade e a profesionalidade gustárame tamén destacalas.

É indubidable que foron momentos moi distintos, con catro Presidentes, nos que incluso tiveron a honra de presidir uns meses e que ata a miña familia poderá ver nalgún momento esa foto nunha parede desta Institución, que non deixa de ser un símbolo dunha participación en política



pola miña parte, que intentei facelo sempre coa maior coherencia; evidentemente se nos debates nalgún momento alguén puido sentirse ofendido é o momento tamén de pedir desculpas tanto ós compañeiros que hoxe estades aquí, como tamén a outros que agora xa non están.

Un especial agradecemento a tódolos compañeiros do meu Grupo Político, especialmente a algún que xa non está aquí agora, estoume a referir a Manolo de Baralla, que tamén dunha maneira moi comprometida sempre depositou a confianza na miña persoa, e que dun xeito tamén moi triste, moi xoven, nos abandonou.

En todo caso asumo esta nova responsabilidade cos mesmos compromisos e co convencemento de que esa nova etapa me permitirá incluso poder estar nun mellor posicionamento para cumprilos, e pónome a disposición de toda a provincia e de tódolos veciños.

Non quería despedirme, intentando, como dixeran, ser o máis breve posible, sen poñer en valor unha etapa, é indubidable a que puideran ser Presidenta, pero tamén a que marcou a lexislatura pasada, onde dous Partidos, que son polo de agora os que obstentan maior representación, foron capaces de construír e de desbloquear situacións complexas das que en calquera momento poden darse, pero que non sempre hai a habilidade de dar solución.

Por iso, e polo meu agradecemento a tódolos Presidentes, tamén ó que agora preside a Institución, moi especialmente pola celeridade e polas facilidades que puxo en marcha para poder confirmar esta renuncia.

E remato, creo que era Churchill o que o dicía, que construír pode ser a tarefa lenta e laboriosa de anos, pero destruír é un acto irreflexivo dun só día. Con ese espírito o máis construtivo e positivo posible sigamos construíndo nesta Institución e nesta provincia, que os que identificamos a política coma un instrumento para mellorar as cousas e para intentar resolver os problemas que poida ter a xente sen dúbida debe ser unha das máximas que nos inspire.

A mín intentou inspirarme o tempo que estiveran aquí, onde teño que recoñecer que aprendín moitísimo de moitos funcionarios que, cunha gran xenerosidade, aplican pedagogía e didáctica cada vez que o necesitei, e creo profundamente que queda o Grupo perfectamente representado,

cun Grupo marabilloso; non é só froito do afecto, eu creo que hai datos máis que obxectivos que o demostrarán, e desexar a mellor das sortes para todos, creo sinceramente que será tamén a sorte dos veciños e veciñas da nosa provincia que teñen que ser a nosa principal prioridade.

Por tanto, moitas grazas a todos, e seguimos traballando e coincidindo no día a día. Supoño que politicamente non me desexarán sorte, pero en todo caso, sexa como sexa, a miña dispoñibilidade, compromiso e a mesma cercanía estará a disposición de todos vós”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“No meu nome e no do Grupo que represento, en canto ó persoal coincidimos este breve tempo, pero con tódolos meus compañeiros que pasaron por esta Casa sempre houbo un debate arduo no político, cousa que é normal pola distancia ideolóxica que nos separa, pero sempre houbo unha boa relación no persoal, entón iso sempre é de agradecer e creo que ese ambiente se trasladou a esta lexislatura, e polo tanto niso, e vostede o dicía nas súas palabras, estamos de acordo.

E para pechar, tamén copiándolle algunhas palabras, desexarlle todo o bo no persoal e moi pouca sorte nesta nova empresa política que comeza porque aí imos facer o posible para que non teña sorte, pero no persoal toda a sorte do mundo, e foi un pracer compartir este pequeno tempo”.

Intervén o Sr. Presidente no seguinte sentido:

“Tamén no nome do Grupo Socialista, eu quero dicirlle algunhas verbas. E quero dicirlle dona Elena que para min foi unha honra compartir con vostede esta Corporación Provincial durante preto de oito meses.

E máis aló da intensidade dos debates que vostede dicía, tamén tomamos algunha decisión importante por unanimidade nestes meses, así que eu agradézolle tamén esa colaboración.



E no plano político, como vostede ben dixo, competimos por poder levar a cabo o proxecto político de cadaún dos nosos Partidos, co obxectivo de transformar a sociedade dende ópticas diferentes lóxicamente, e polo tanto neste terreo imos confrontar, como é o que nos toca.

Pero hai unha cousa que eu teño moi clara, por riba de todo están as persoas, e no terreo persoal vostede sabe que lle teño aprezo, polo tanto neste sentido deséxolle o mellor para a súa persoa nesta nova etapa que inicia vostede voluntariamente, e deséxolle que actúe con acerto porque iso será bo para todos en xeral, para Lugo e para Galicia, porque ós representantes políticos tócalles ou ben tomar decisións ou colaborar cando se toman decisións.

E vai vostede para unha Casa que representa a todos, na que reside a vontade popular de tódolos galegos e galegas, unha Casa que eu coñezo ben porque tiveron a oportunidade de traballar nela durante seis anos, e estou convencido de que vostede tamén se vai sentir cómoda para traballar nela.

E polo que respecta á Deputación, xa sabe vostede o dito: “detrás de min virá quen bo me fará”, ou sexa que incluso nalgún momento ata a podemos botar de menos. Nestes case que oito meses que tivemos ocasión de traballar xuntos, agora hai unha cousa coa que se atopará no Parlamento que xa non lle vai causar novidade, xa que leva vostede aquí un tempo adestrando co control de tempo, así que no Parlamento tamén hai reloxo e como o leva aprendido xa non o vai estrañar.

E con esta pequena broma, que espero a entenda vostede así porque llo digo con afecto, reitérolle a miña felicitación en nome do Grupo Socialista, e reiterar tamén os mellores desexos para vostede no terreo persoal”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.